

Contra a presente resolución pola que se aproban as bases e se inicia o presente proceso selectivo, que é definitivo en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sarria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do mesmo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdicción, ser perxuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

En Sarria, a 7 de abril de 2009.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 02076

Anuncio

Por acordo do Pleno desta Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 25 de agosto de 2008, aprobouse, xunto co orzamento municipal o cadro de persoal e plantilla deste Concello para o ano 2008, sendo publicados íntegramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 203, de data 3 de setembro de 2008.

Por Resolución de Alcaldía de data 1 de outubro de 2008, aprobouse a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de data 17 de outubro de 2008.

O Concello Pleno, en sesión celebrada o 12 de novembro de 2008, acordou aprobar inicialmente a modificación da plantilla municipal.

Por Resolución de Alcaldía de data 15 de decembro de 2008, aprobouse a ampliación da oferta de emprego público, na que se inclúe, entre outras, unha praza de fisioterapeuta (media xornada).

Por Resolución de Alcaldía de data 3 de abril de 2009, vista a proposta da Xunta Reitora de data 24 de marzo de 2009 en canto as bases específicas para a provisión dunha praza de fisioterapeuta (media xornada) do cadro de persoal laboral fixo do Organismo Autónomo Residencia de Anciáns "Nosa Sra. do Carme, o Sr. Alcalde RESOLVEU:

1º.- Aprobar as bases específicas para a provisión da praza de fisioterapeuta (media xornada) do cadro de persoal laboral fixo do Organismo Autónomo Residencia de Anciáns "Nosa Sra. do Carme", acceso libre, mediante o sistema de concurso-oposición.

2º.- Convocar públicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas.

3º.- Ordear a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Bolentín Oficial da Provincia, enviando extracto da convocatoria ao DOG e BOE, e realizar cantos trámites sexan necesarios para a súa tramitación.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FISIOTERAPEUTA (MEDIA XORNADA).

1.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da convocatoria a provisión mediante o sistema de concurso-oposición libre, dunha praza de fisioterapeuta (media xornada), encadrada dentro da plantilla de persoal da Residencia de Anciáns Nosa Sra. do Carme, O.A. pertencente ó Concello de Sarria, aprobada en sesión plenaria o día 12 de novembro de 2008 e incluída dentro da Oferta de Emprego Público de 2008, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 295 de 24 de decembro de 2008. As retribucións das prazas convocadas serán as previstas no vixente orzamento do O.A. que forma parte do orzamento xeral do Concello de Sarria.

Según o artigo 77 do Estatuto Básico do Empregado Público o persoal laboral clasificarase de conformidade coa lexislación laboral.

Número de vacantes: Unha.

A persoa seleccionada prestará servizos na praza/posto e unidade que se indique no anexo II das presentes bases, sen perxuízo de que por necesidades motivadas do servizo poida prestalos en postos ou unidades diferentes da Residencia de Anciáns Nosa Sra. do Carme, O.A. pertencente ó Concello de Sarria.

2.- Sistema de selección: Criterios xerais.

O procedemento de selección desta praza é o de concurso-oposición, correspondéndolle a fase de concurso unha porcentaxe do 40% da puntuación máxima total, e a fase de oposición o 60%.

Tendo en conta que á fase de concurso lle corresponde unha porcentaxe do 40% da puntuación máxima total, para ponderar equitativamente os méritos tomarase como referencia este máximo de puntos que os aspirantes poidan acadar, ao cal se lle outorgarán catro puntos. Proporcionalmente se lle asignará a puntuación a cada aspirante, aplicando a regra de tres simple e cun máximo de tres decimais sen redondeo.

O proceso selectivo constará das seguintes fases e probas:

2.1.- Fase de concurso.

A fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado seguinte.

A puntuación máxima que se poderá obter nesta fase de concurso será de 10 puntos.

2.1.1.- Baremo de méritos.

A).- Experiencia profesional.

Por cada ano completo de servicios efectivamente prestados en calquera Administración Pública, en postos de iguais ou similares cometidos que a praza que se convoca 0,70 puntos por ano completo, valorándose as fraccións inferiores ao ano 0,0583 puntos por mes completo, e sen que o total poida exceder, en todo caso, de 4 puntos.

Por cada ano completo de servicios efectivamente prestados en calquera entidade privada, en postos de iguais ou similares cometidos que a praza que se convoca 0,50 puntos por ano completo, valorándose as fraccións inferiores ao ano 0,0416 puntos por mes completo, e sen que o total poida exceder, en todo caso, de 2 puntos.

B).- Cursos.

Valoraranse seguindo a seguinte táboa ata un máximo de 4 puntos.

HORAS	ASISTENCIA	APROVEITAMENTO	IMPARTICIÓN
Inferior a 20 horas, xornada ou similar	0,05	0,075	0,15
Entre 21 e 40 horas	0,1	0,15	0,3
Entre 41 e 80 horas	0,2	0,3	0,6
Entre 81 a 160	0,4	0,6	1
Entre 161 a 300 horas	0,75	1	2
Máis de 301 horas	1,5	2	3

Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza/ posto ó que se opta.

2.1.2.- Acreditación dos méritos.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

A acreditación dos méritos por parte dos interesados no caso do apartado A) experiencia profesional, realizarase exclusivamente mediante fotocopia compulsada do contrato laboral de traballo ou certificación da administración correspondente, a fin de poder comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coa da praza.

2.1.3.- Prazo de valoración e publicidade.

A valoración dos méritos deberá rematar polo menos setenta e dúas horas antes do primeiro exercicio da oposición. A lista que conteña a valoración dos méritos da fase de concurso farase pública no taboleiro de edictos da Casa do Concello, antes da realización do primeiro exercicio.

2.2.- Fase de oposición.

A fase de oposición constará de catro exercicios, todos eles obrigatorios e de carácter eliminatorio, velando o Tribunal pola adopción das medidas oportunas para garantir que os exercicios da oposición sexan corrixidos, sempre que elo sexa posible, sen que se coñeza a identidade dos aspirantes.

2.2.1.- Comezo e desenrolo das probas.

Con unha antelación mínima de quince días antes do comezo do primeiro exercicio, o Tribunal anunciará no taboleiro de anuncios do Concello a data, hora e local no que terá lugar.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio, nun chamamento único, agás en casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal. A non comparecencia a calquera dos exercicios no momento de ser chamados, comportará que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio de que se trate e nos sucesivos, e en consecuencia, quedará excluído do proceso selectivo.

2.2.2.- Exercicios.

A) Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de tres horas, tres temas elixidos ó chou polo Tribunal do programa ANEXO I á presente convocatoria. Un destes temas corresponderá á parte primeira do

ANEXO I, e dous temas corresponderán á parte segunda do ANEXO I. De acordo co disposto no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, esta proba deberá realizarse exclusivamente en lingua galega.

Dito exercicio será lido ante o Tribunal, podendo formular cantas preguntas considere oportunas ós aspirantes sobre as materias obxecto da exposición e pedirlle calquera outra explicación complementaria. Anunciarase no taboleiro de anuncios do Concello a hora, data e lugar onde se realizará dita lectura.

B) Segundo exercicio. De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar oralmente, nun período máximo de trinta minutos, dous temas a eleixir de entre catro que serán extraídos ó chou polo opositor, debendo cada opositor extraer dúas bolas correspondentes a cada unha das dúas partes que figuran no ANEXO I das presentes bases, e eleixir un tema relativo á parte primeira e un tema relativo á parte segunda.

Rematada a exposición da totalidade dos temas, o Tribunal poderá formular cantas preguntas considere oportunas ós aspirantes sobre as materias obxecto da exposición e pedirlle calquera outra explicación complementaria.

C) Terceiro exercicio. De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Terá carácter práctico e unha duración de dúas horas e media. Consistirá en realizar un ou varios supostos prácticos propostos polo Tribunal e relacionados coa materia específica do programa (parte segunda), e que deberán ler ante o Tribunal, se así fora acordado, en cuxo caso se anunciaría no taboleiro de anuncios do Concello, indicando a hora, data e lugar onde se realizará dita lectura. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

D) Cuarto exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en demostra-lo coñecemento do idioma galego. Comprenderá as probas que o Tribunal determine, podendo ser escritura, tradución directa ou inversa e conversación. O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha (1) hora.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que presenten xunto coa instancia para poder participar no proceso selectivo, a acreditación de ter superado o Celga 4. A mesma validez terá a presentación da certificación do curso de perfeccionamento do galego.

Cualificación dos exercicios:

Os tres primeiros exercicios puntuaranse de 0 a 10 puntos, quedando eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. O cuarto exercicio puntuarase coa calificación de apto ou non apto, quedando eliminado o aspirante que non supere dito exercicio.

Para a determinación da orde de actuación dos opositores en canto á lectura do primeiro exercicio, realización do segundo e á lectura do terceiro (se así fora acordado), polo Tribunal realizarase un sorteo inmediatamente antes da celebración do primeiro exercicio, e en presenza dos aspirantes, de acordo co establecido no artigo 6.3 j) do Decreto 95/1991, de 20 de marzo.

3.- Requisitos dos/as aspirantes.

3.1. Para tomar parte nas probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ter nacionalidade española, sen perxuízo do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do Título de Diplomatura en fisioterapeuta, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estar en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da praza.

e) Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por resolución xudicial para o exercicio de funcións públicas.

f) Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu estado, o acceso á función pública.

3.2. Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo.

4.- Solicitudes.

4.1. As instancias solicitando participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo oficial que figura no ANEXO III desta convocatoria e que será facilitado ós interesados nas oficinas xerais do Concello, así como na páxina www.sarria.es e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello (directamente ou a través dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro). O prazo de presentación de instancias é de vinte días naturais contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Na instancia haberá de manifestarse que se reúnen todos e cada un dos requisitos que se esixen na base terceira, referidos á data en que termine o prazo de presentación de instancias.

4.2. Á instancia uniranse inescusablemente:

a) Fotocopia do DNI ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c) Xustificante acreditativo de ter aboado os dereitos de exame, na contía fixada.

d) Fotocopia compulsada do contrato de traballo ou certificación da administración correspondente.

e) Fotocopia compulsada do documento que acredite ter superado o exame de Celga 4 ou fotocopia compulsada do documento que acredite estar en posesión do título de perfeccionamento do galego.

f) Documentación xustificativa da fase de concurso.

4.3. Os dereitos de exame serán de 30,00 euros, que se ingresarán na conta corrente núm. 2091 0143 16 3110000018 de Caixa Galicia sito en Sarria (en concepto de: Dereitos de examen concurso-oposición Fisioterapeuta). Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ós aspirantes que foran excluídos definitivamente da participación nestas probas. A tal efecto o reintegro realizarase de oficio.

4.4. Os erros de feito que puideran advertirse poderán subsanarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

4.5. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación, mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 4.1 para a presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo non se admitirá ningunha petición desta natureza.

5.- Admisión de aspirantes.

5.1. Relación de aspirantes: Rematado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde, no prazo máximo dun mes, dictará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, resolución que será publicada no BOP e no taboleiro de edictos do Concello, sinalándose un prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no art. 71 da Lei 30/92, de 26 de novembro, para subsanar os defectos que motivaron a súa exclusión. No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva. A resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional.

5.2. Serán causas de exclusión ademais das sinaladas:

a) Non manifestar reunir algún dos requisitos a que se refire a base terceira.

b) A omisión da sinatura na solicitude.

c) A omisión na solicitude da copia do DNI.

d) A presentación da solicitude fora do prazo establecido.

e) A falta de xustificación do abono dos dereitos de exame.

6.- Tribunal calificador.

6.1. O Tribunal que xulgará as probas selectivas do concurso-oposición estará constituído da seguinte forma:

Presidente: Un habilitado de carácter estatal como titular, e un Funcionario do Concello de Sarria, como suplente.

Secretario/a: Un funcionario de carreira do Concello de Sarria e como suplente outro funcionario do Concello.

Vogais: Tres persoas expertas na materia, designadas pola Alcaldía, de acordo co establecido no art. 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado público.

6.2. Todos os vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e poderán ser recusados do xeito previsto no artigo 29 da Lei 30/1992, debendo absterse de actuar nos supostos comprendidos no artigo 28 do mesmo texto legal.

6.3. O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. No caso de ausencia do Presidente (e da persoa que o supla), será substituído polo vogal que figure primeiro na relación da composición do Tribunal, e no seu defecto polo seguinte, e así sucesivamente. No caso de ausencia do Secretario (e da persoa que o supla) será substituída polo vogal que corresponda segundo unha orde inversa á descrita na liña anterior.

6.4. Asesores técnicos. O Tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que xulgue oportuno, limitándose esta asesoría a prestar a colaboración nas súas especialidades técnicas. Os ditos asesores terán voz pero non voto.

6.5. Abstencións e recusacións. Deberán absterse de formar parte dos órganos de selección de persoal:

- Quen, nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso á administración pública.

- Quen se atopen incurso en algún dos supostos a que se refire o art. 28.2 da Lei 30/1992. Os aspirantes poderán recusalos na forma que prevé o art. 29 da referida Lei.

6.6. O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir o debido orden nas mesmas.

7.- Desenvolvemento do concurso-oposición.

O procedemento de selección desta praza é o de concurso-oposición, correspondéndolle a fase de concurso unha porcentaxe do 40% da puntuación máxima total, e a fase de oposición o 60%.

A fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio. En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

7.1. A data, lugar e hora do comezo das probas, será a que figure no anuncio que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, xunto coa designación do Tribunal e a relación de aspirantes admitidos e excluídos.

7.2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou documento que o substitúa. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios determinará automaticamente a perda do seu dereito a participar no concurso-oposición, quedando excluído do proceso selectivo, salvo os casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo Tribunal.

7.3. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído do mesmo, logo da audiencia do interesado. O Tribunal, cando exclúa un aspirante, comunicarllo o mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

7.4. As cualificacións dos aspirantes en cada un dos exercicios serán publicadas no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

7.5. Entre o final dunha proba ou exercicio e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles, de acordo co establecido no artigo 6.3 i) do Decreto 95/1991, de 20 de marzo.

8. Superación do proceso selectivo.

Para ponderar a puntuación da fase de oposición en relación ao 60% da nota final que corresponda a esta fase, aplicarase a regra de tres simple, tendo en conta que á nota máxima que se podería acadar na oposición, que sería un dez, se lle outorgará seis puntos para a nota ponderada coa fase de concurso, de xeito que ambas as puntuacións ponderadas, a do concurso e a da oposición, sumarán como máximo dez puntos, correspondente nesa puntuación unha porcentaxe máxima do 40% ao concurso e do 60% a da oposición.

O Tribunal fará pública a puntuación total obtida polos aspirantes que superasen tódalas probas, se ben o citado Tribunal non poderá formular proposta para a formalización do contrato máis que a favor do aspirante con maior puntuación. Resoltas as posibles alegacións e subsanacións, se as houbera, o Tribunal elevará o nome do aprobado, xunto coa acta da última sesión, ao Alcalde-Presidente para que éste proceda á formalización do contrato. Esta proposta terá carácter vinculante.

9. Presentación da documentación e nomeamento.

O seleccionado para o posto polo Tribunal, presentara no Rexistro do Concello, dentro do prazo de vinte días hábiles a partir da publicación da lista no taboleiro de anuncios no Concello, os seguintes documentos para proceder a formalización do contrato:

a) Copia compulsada do DNI.

b) Copia compulsada ou certificación académica oficial acreditativa da titulación esixida.

c) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ó posto que se optou.

d) Declaración xurada de non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

Se o seleccionado para o posto non presentase a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen perjuicio da responsabilidade en que poidera incurrir por falsidade na solicitude.

Unha vez comprobado que o aspirante proposto presentou a documentación esixida, será nomeado polo Sr. Alcalde-Presidente, resolvendo o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral, conforme ó previsto na vixente lexislación. Tomará posesión no prazo dun mes desde a notificación do seu nomeamento. Para adquirirla condición de persoal laboral fixo, o aspirante seleccionado, deberá superar satisfactoriamente un período de proba dun mes. No caso de non superalo, a administración daralle traslado por escrito motivado; a rescisión durante este período non dará lugar a indemnización. Quen resulte nomeado para ocupar o posto quedará sometido ó réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

10. Impugnacións e reclamacións.

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados da forma legalmente prevista. Concretamente, contra as calificacións do Tribunal, a partir da súa publicación, os aspirantes poderán presentar:

- Dentro do prazo de 48 horas, as reclamacións ou alegacións que estimen oportunas, que serán resoltas polo mesmo Tribunal.

- Dentro do prazo de un mes, recurso de alzada, que será resolto polo Presidente da Corporación. No non previsto nas presentes bases, rexeirán como supletorias a lexislación básica do Estado na materia e a correspondente lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia e demais disposicións obrigatorias.

11. Incidencias.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que puidesen presentarse ou toma-los acordos necesarios para o bo orden do concurso-oposición, en todo o non previsto nestas bases.

12. Lista da agarda.

Os opositores que aproben algún dos exercicios da fase de oposición, e tendo en conta o número de exercicios aprobados e nota final da orde de puntuación acadada no proceso selectivo, que non sexan os propostos para o nomeamento como persoal laboral fixo do Organismo Autónomo, quedarán incluídos nunha lista de agarda para futuras contratacións, cando as necesidades dos servizos o aconsellen.

ANEXO I

Parte primeira

1. As comunidades europeas. Institucións da UE. Dereito comunitario: características, fontes e relacións co dereito español.

2. A Constitución española de 1978. Elaboración, características, estrutura.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.

4. As Cortes Xerais. O Goberno. Relacións entre unha e outra institución.

5. A Coroa. O Tribunal Constitucional. O poder xudicial. Outros órganos regulados na Constitución.

6. A organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas: Estructura e competencias. Os estatutos de autonomía: caracteres e contido.

7. A Comunidade Autónoma de Galicia. O Estatuto de autonomía. As competencias da Comunidade. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A administración autonómica.

8. O sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. Normas supraestatais.

9. O réxime local español. A administración local na Constitución. O principio da autonomía local. Clases de Entidades Locais.

10. O municipio: Concepto, elementos esenciais. A poboación: Concepto e clasificación.

11. Organización municipal: Concepto, clases de órganos. Estudo de cada un dos órganos. Competencias: Concepto e clases.

12. Réxime de sesións e acordos municipais. Actas. Certificacións. Comunicacións. Notificacións. Publicación.

13. Facendas Locais. Clasificación dos ingresos: Conceptos xerais. Potestade tributaria das entidades locais. Fases da potestade tributaria. Fiscalidade das Facendas locais. Clasificación dos ingresos.- Ordenanzas fiscais.

14. Os bens das Entidades Locais. Bens de dominio público. Bens patrimoniais.

15. O orzamento das Entidades Locais. Proceso de aprobación. Modificacións orzamentarias. Liquidación do orzamento.

16. Os contratos administrativos na esfera local. Clases de contratos. Partes dos contratos. Preparación. Selección do contratista e adxudicación. Cumprimento e extinción dos contratos.

17. Persoal ao servizo das Entidades Locais. Concepto e clases. Os instrumentos de organización persoal. Dereitos e deberes. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Rexime disciplinario.

18. As formas de actividade das Entidades Locais. Actividade de fomento. Actividade de policía. O servizo público.

19. O acto administrativo: Concepto, orixes do acto administrativo, clases, elementos do acto administrativo.

20. Principios xerais do procedemento administrativo: Concepto, clases de procedemento. Normas reguladoras.

21. Dimensión temporal do acto administrativo: Principios xerais, días e horas hábiles, cómputo de prazos.

22. Os recursos administrativos. Actos susceptibles de recurso. Clases de recursos. Reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais.

23. A responsabilidade da Administración. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas.

24. Calidade nas Administracións Públicas como prestadores de servizos. Os cidadáns como usuarios e clientes.

Parte segunda

1.- Estatutos do Organismo Autónomo Local denominado Residencia de Maiores Nosa Sra. do Carme (I): Exposición de motivos, obxecto e natureza, funcións, sede social e o goberno e a administración. Competencias da Xunta Reitora e competencias do Presidente. Competencias do Vicepresidente, do xerente, do Secretario, do Interventor e do Tesoureiro.

2.- Estatutos do Organismo Autónomo Local denominado Residencia de Maiores Nosa Sra. do Carme (II): Dos ceses nos cargos. Facenda, patrimonio e recursos do O.A.. Dos orzamentos: Funcionamento e réximen xurídico. Do persoal. Das obras e instalacións. Duración do OA.

3.- Ley de prevención de riesgos laborales: Conceptos básicos. Derechos y obligaciones en materia de seguridad en el trabajo.

4.- Demografía sanitaria. Fuentes de información e indicadores demográficos. Análisis de datos. Indicadores de salud: clasificación y utilidad. Análisis de las necesidades de salud. Indicadores demográficos: Mortalidad, morbilidad, prevalencia, incidencia. Definición de calidad de vida relacionada con la salud.

5.- Ley 41/2002 básica reguladora de la autonomía del paciente y de derechos y obligaciones en materia de información y documentación clínica.

6.- El papel del fisioterapeuta en la formación básica. Teoría y práctica.

7.- Organización de los cuidados de fisioterapia en atención primaria y atención especializada. Coordinación entre niveles asistenciales.

8.- Protocolización del tratamiento fisioterapéutico, programas y pautas de prevención.

9.- Trabajo en equipo: Organización del trabajo, definición de objetivos.

10.- Metodología de intervención de fisioterapia asistencial. Examen general, valoración fisioterapéutica, historia clínica en fisioterapia.

11.- Actuación del fisioterapeuta en situaciones críticas. Parada cardiorrespiratoria. Obstrucción de las vías aéreas. Reanimación cardiopulmonar básica. Fases.

12.- Fisioterapia en las malformaciones congénitas. Valoración fisioterapéutica. Objetivos. Plan de tratamiento fisioterapéutico en las patologías más frecuentes.

13.- El papel de la fisioterapia en la atención ginecológica y obstétrica. Medidas preventivas y educativas.

14.- Reimplantes de miembros. Valoración y tratamiento fisioterápico.

15.- Fisioterapia en el deporte. Prevención de lesiones. Vendajes funcionales y de contención.

16.- Unidades de fisioterapia de atención especializada. Coordinación de la actividad fisioterapéutica con los distintos servicios y departamentos del hospital. Coordinación entre niveles asistenciales. Protocolos conjuntos.

17.- Aspectos de valoración fisioterapéuticos: Entrevista clínica, exploración física. Definición de problemas y planes de actuación.

18.- Intervención fisioterapéutica. Objetivos y planificación. Deficiencia, discapacidad y minusvalía. Concepto.

19.- Fisioterapia propioceptiva. Concepto y aplicaciones. Material necesario. Métodos. Indicaciones y contraindicaciones.

20.- Fisioterapia respiratoria: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes: EPOC, asma, cirugía cardiorrespiratoria; otras cirugías.

21.- Fisioterapia en pacientes críticos: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos: Pacientes en UCI, infartos de miocardio

22.- Fisioterapia en traumatología: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes.

23.- Fisioterapia en las patologías óseas y de partes blandas: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes.

24.- Fisioterapia en las malformaciones congénitas: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes.

25.- Fisioterapia en las patologías osteoarticulares: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes.

26.- Fisioterapia en las algias crónicas: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos en las patologías más frecuentes. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes.

27.- Fisioterapia en reumatología: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes.

28.- Fisioterapia en neurología del sistema nervioso central: Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes: Síndromes neurológicos, lesiones de la medula, lesiones cerebrales.

29.- Fisioterapia en neurología del sistema nervioso periférico. Valoración fisioterapéutica y objetivos fisioterápicos. Técnicas y métodos de tratamientos fisioterapéuticos en las patologías más frecuentes: Poliomieltis anterior aguda, lesiones del plexo braquial y miembro inferior, parálisis periféricas tronculares.

30.- Fisioterapia en desarrollo psicomotor del niño: Valoración y actividades de promoción y prevención. Valoración fisioterapéutica de la parálisis cerebral, valoración de los trastornos motores y de los trastornos asociados. Educación terapéutica del PC.

31.- Fisioterapia del anciano: Valoración fisioterapéutica, escala de las actividades de la vida diaria, actividades de prevención y promoción. Atención fisioterapéutica en el anciano discapacitado. Los accidentes en el anciano: Caídas y otros riesgos. Plan Gerontológico Nacional: Generalidades.

32.- Fisioterapia en el adulto: Riesgo cardiovascular. Ejercicio físico. Adaptación en función de las patologías de base: hipertensión, diabetes, obesidad, plan fisioterapéutico personalizado. Adherencia terapéutica.

33.- Cinesiterapia: Concepto y modalidades. Principios generales, indicaciones y contraindicaciones.

34.- Cinesiterapia activa y pasiva: Definición, tipos. Efectos terapéuticos, indicaciones y contraindicaciones.

35.- Cinesiterapia activa-resistida. Definición. Métodos de musculación dinámicos con cargas crecientes indirectas y directas: Métodos estáticos, sus características. Indicaciones y contraindicaciones.

36.- Cinesiterapia activa específica: Ejercicios de Codman, Buerger, Frankel y Chandler.

37.- Electroterapia: Concepto. Indicaciones y contraindicaciones. Clasificación de las corrientes eléctricas más utilizadas en fisioterapia. Acoplamiento entre el aparato de electroterapia y el paciente: Factores a valorar. Normas de seguridad en el manejo de aparatos de electroterapia.

38.- Baja, media y alta frecuencia: Técnicas electroterápicas con corrientes de baja, media y alta frecuencia. Indicaciones terapéuticas y contraindicaciones. Factores a tener en cuenta en la dosificación de las diferentes técnicas electroterápicas.

39.- Otras técnicas electroterápicas: Técnicas electroterápicas con ultrasonido, radiaciones infrarrojas y ultravioletas, láser y campos magnéticos. Indicaciones terapéuticas y contraindicaciones. Factores a tener en cuenta en la dosificación de las diferentes técnicas electroterápicas.

40.- Técnicas eléctricas musculares: Fortalecimiento y elongación muscular por medio de corrientes eléctricas. Técnicas de las corrientes eléctricas más utilizadas para el fortalecimiento y la elongación muscular. Indicaciones terapéuticas y contraindicaciones.

41.- Masoterapia: Concepto, indicaciones y contraindicaciones. Interés actual. Técnicas de masoterapia y maniobras fundamentales: Rozamiento, fricción presión, amasamiento, vibración y percusión.

42.- Técnicas especiales de masoterapia: Masaje transverso profundo, drenaje linfático manual y masaje del tejido conjuntivo: Efectos fisiológicos y terapéuticos, técnicas específicas, indicaciones y contraindicaciones.

43.- Mecanoterapia: Concepto, indicaciones y contraindicaciones. Interés actual. Equipos especiales: Aparatos de tracción, bicicleta cinética, mesa de mano, espalderas, escaleras, de dedos, tabla de Böhler: Utilidades y aplicaciones.

44.- Suspensionterapia y poleoterapia: Concepto, indicaciones y contraindicaciones. Principios generales. Utilidades y aplicaciones.

45.- Evaluación de la marcha normal y patológica: Reeduación en las diferentes patologías.

46.- Termoterapia y crioterapia. Concepto, indicaciones y contraindicaciones. Principios generales. Formas de propagación del calor. Termorregulación: Estímulo térmico y frío. Técnicas de aplicación. Efectos fisiológicos y terapéuticos.

47.- Hidroterapia: Concepto, indicaciones y contraindicaciones. Principios generales. Tipos de agua. Temperatura del agua. Efectos fisiológicos terapéuticos. Técnicas hidroterápicas: Baños, compresas y envolturas, abluciones, proceso hidrocínético.

48.- Ergonomía: Definición y objetivos. Diseño del puesto de trabajo. Posturas viciosas durante el trabajo. Métodos de movilización de enfermos e incapacitados. Escuela de espalda.

49.- El vendaje funcional: Concepto y aplicaciones. Material necesario. Métodos. Indicaciones y contraindicaciones.

50.- Cinesiólogía: Ejes y planos del cuerpo. Movimientos articulares elementales. Goniometría articular: concepto, registro, técnicas goniométricas, y amplitudes articulares de los MMSS, MMII y columna vertebral. Valoración muscular.

51.- O Plan Concertado para o desarrollo de prestacións básicas de Servicos Sociais. Competencias da Administración Central, Autónoma e Local.

52.- Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servicos sociais.

53.- Ordes que desenvolven o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

54.- Ley 4/1993, de 14 de abril, de servicos sociais (I). Principios Xerais. O sistema de servicos sociais. Da atribución de competencias.

55.- Ley 4/1993, de 14 de abril, de servicos sociais (II). Da prestación de servicos sociais. Da participación social. Das prestacións, axudas e subvencións.

56.- Ley 4/1993, de 14 de abril, de servicos sociais (III). Das infraccións e sancións. Da financiación.

57.- A Ley 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Personal e Atención ás persoas en situación de dependencia (I): Disposicións Xerais. O sistema para a autonomía e atención á dependencia.

58.- A Ley 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Personal e Atención ás persoas en situación de dependencia (II): A calidade e eficacia do sistema para a autonomía e atención á dependencia. Infraccións e sancións.

ANEXO II

Nº	Denominación	Titulación	Adscrición	Réxime e Relación Xurídica
1	Fisioterapeuta	Diplomatura en Fisioterapia	O.A. Residencia de Anciáns Nosa Sra. do Carme	Persoal Laboral fixo

Funcións do posto: O establecemento e a aplicación de cantos medios físicos poidan ser empregados con efectos terapéuticos nos tratamentos que se prestan ós usuarios de todas as especialidades da medicina e ciruxía onde sexa necesaria a aplicación de ditos medios, entendéndose por medios físicos: A electricidade, o calor, o frío, o masaxe, a auga, o aire, o movemento, a luz e os exercicios terapéuticos con técnicas especiais, entre outras, en cardiorrespiratorio, ortopedia, coronarias, lesións neurolóxicas, exercicios maternais pre e post-parto, e a realización de actos e tratamentos de masaxe, osteopatía, quiropraxia, técnicas terapéuticas reflexas e demais terapias manuais específicas, alternativas e/ou complementarias afíns ao campo de competencia da fisioterapia que poidan empregarse no tratamento de usuarios. Así como todas as demais funcións que se consideren necesarias para un bó desempeño do posto de traballo de acordo coas necesidades

ANEXO III

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE FISIOTERAPEUTA DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DA RESIDENCIA DE ANCIÁNS NOSA SRA. DO CARME, O.A. DO CONCELLO DE SARRIA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE.

I.- DATOS DA PRAZA:

DENOMINACIÓN:

DATA PUBLICACIÓN CONVOCATORIA BOP:

II.- DATOS PERSOAIS.

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI	TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO:

1º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- a) Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de esixido nas bases específicas que rexen a convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
- d) Poseer a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- e) Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

2º.- Que me comprometo no caso de obter a praza e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e a tomar posesión da praza e do correspondente posto de traballo, previo xuramento ou promesa nos termos legalmente establecidos, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas bases da convocatoria, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

3º.- Que aporto todos os documentos que se ralacionan no apartado 4.2. das presentes bases.

4º.- Que aporto a documentación xustificativa da fase de concurso:

- Experiencia profesional:

-
-
-
-
-
-
-
-

- Cursos:

-
-
-
-
-
-
-
-

SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondentes.

Sarria, a de de

(Asinado)

Contra a presente resolución pola que se aproban as bases e se inicia o presente proceso selectivo, que é definitivo en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sarria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do mesmo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdicción, ser perxuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

En Sarria, a 7 de abril de 2009.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 02077

EL PRESIDENTE DE LA COMISIÓN ENCARGADA DE REDACTAR LOS PROYECTO DE ORDENANZAS Y REGLAMENTOS DE LA COMUNIDAD DE USUARIOS JOSÉ LUIS DÍAZ RODRÍGUEZ.

CONVOCA A JUNTA GENERAL PARA EL PRÓXIMO 23 DE MAYO DE 2009, A LAS 12:00 EN PRIMERA CONVOCATORIA Y A LAS 12:30 EN SEGUNDA; CON EL SIGUIENTE ORDEN DEL DÍA:

1.- Inscripción de un aprovechamiento para usos domésticos y pecuarios.

2.- Interesados en formar parte de la comunidad.

3.- Discusión sobre las bases a las que se ajustarán los proyectos de estatutos por los que se regirá la Comunidad.

4.- Nombramiento de la Comisión encargada de la redacción del proyecto de los Estatutos de la Comunidad.

Lugar de la reunión: BARREIRIÑAS junto al depósito.

Fdo.: José Luis Díaz Rodríguez.

D.N.I nº:76.616.395Z.

R. 02197

XOVE

ANUNCIO DE ADJUDICACIÓN DEFINITIVA DE CONTRATO DE OBRAS

Por Resolución de Alcaldía con data 15/04/2009, adjudicouse definitivamente o contrato de obras de "AMPLIACIÓN CARRETERA REGOSANGUENTO (XOVE)" o que se publica aos efectos do artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público:

1. Entidade adjudicadora.

a) Organismo: CONCELLO DE XOVE.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: OBRA.

b) Descrición do obxecto: AMPLIACIÓN CARRETERA REGOSANGUENTO (XOVE).

c) Anuncio no perfil de contratante de data: 15/04/2009.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ORDINARIA.

b) Procedemento: NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

4. Prezo do contrato: 161.530,96 euros e 25.844,95 euros de IVE.

5. Adjudicación provisional:

a) Data: 03/04/2009.

b) Contratista: Puentes y Calzadas Infraestructuras, S.L.U.

c) Importe de adjudicación definitiva: Prezo de 159.600,96 euros e 25.536,15 euros de IVE.

En Xove, a 15 de abril de 2009.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 02198

NOTARIA DE

D. JOSE MANUEL LOPEZ CEDRON

Edicto

JOSÉ MANUEL LÓPEZ CEDRÓN, Notario del Ilustre Colegio de Galicia, con residencia en Lugo.

HAGO CONSTAR:

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 293 y siguientes de la Ley de Derecho Civil de Galicia, se ha otorgado, en esta Notaría de mi cargo, ACTA DE PROTOCOLIZACIÓN DEL CUADERNO PARTICIONAL de los bienes existentes al óbito de los esposos don Francisco Gallego Zafra y doña Matilde Águila Teba, cuyo fallecimiento tuvo lugar en San Ciprián, municipio de Cervo (Lugo), de donde eran vecinos, el diecisiete de junio de mil novecientos noventa y nueve y el catorce de noviembre de dos mil siete, respectivamente, el día doce de marzo de dos mil nueve, bajo el número de mi protocolo 901.

Es por ello, se procede a notificar por medio de este edicto a DOÑA CARMEN ÁGUILA TEBA, cuyo domicilio se desconoce en la actualidad, como así dispone el artículo 297 de la Ley de Derecho Civil de Galicia.

Durante el plazo de veinte días naturales podrá la interesada comparecer en mi Notaría, sita en la ciudad de Lugo (rúa da Raiña, 18, 1º), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma o alegar lo que estime oportuno en defensa de sus derechos.